



UNIDADE DIDÁCTICA ENREGUÉIFATE-REGUEIFESTA



Introdución:

Ola, se estás lendo isto, parabéns! Estás a piques de converterte en regueifeira/o.

Pero antes de nada. Sabes o que é a regueifa?

Basicamente podemos identificar a regueifa como un molete de pan, un baile ou unha improvisación oral cantada en forma de diálogo. As tres acepcións da regueifa están relacionadas nas súas orixes directamente cos casamentos. Na Galiza hai máis formas de improvisación oral relacionadas cos casamentos como o brindo, as loias, as cencerradas... segundo a zona xeográfica nas que se realicen. Pero tamén hai outras formas improvisadas que se empregaban no Entroido como as bombas ou os atranques do Ulla...

Pero para enregueifarnos precisamos saber como construír unha regueifa. Neste caso comezaremos pola regueifa cantada, máis adiante faremos o molete e o baile, se gostades.

Ingredientes: catro versos octosilábicos que riman os pares, quedando libres os impares (a rima pode ser asonante pero preferibelmente consonante), dúas persoas mínimo, a capela nas súas orixes e, nos últimos tempos, con acompañamento instrumental, unha controversia e, a poder ser, un público empático e agradecido.

Mecánica: tradicionalmente comezaban cun breve saúdo ao público, unha presentación e comezaban o desafío dialéctico por quendas até que unha das dúas persoas que regueifan quedase sen argumentos ou folgos.

Pois ben, isto pretende ser unha pequena guía para traballar coa regueifa na aula en dúas ou tres sesións. Está baseada no modelo didáctico do Proxecto Regueifesta e forma parte de **Enreguéifate**, unha intervención para promover o repentismo entre o noso alumnado.

Como verás, animámoste a desenvolver algunhas actividades e ofrecemos un pouco de información.

Para traballar coa regueifa nas aulas é fundamental que o alumnado teña modelos, e os modelos desta unidade didáctica son as rapazas e rapaces que participaron no Auditorio da Galiza na Regueifesta-Enreguéifate 2018. Este vídeo será o soporte para algunhas das actividades que vos iremos propondo: **VÍDEO REGUEIFESTA 2018**

É importante saberes que para estimular, facilitar e dinamizar unha aula de regueifa non fai falla ser música/o ou poeta. O máis importante é ter ganas de crear, de brincar e de aprender a aprender. Deixar que o voso alumnado vos sorprenda e sorprendervos a vós mesmas/os volvendo a sentirvos

seres musicais.

Así pois, non te preocupes, porque estas actividades están pensadas para facilitar o traballo do profesorado que non ten experiencia e poder dar os primeiros pasos na improvisación dun xeito natural e divertido. Así que, xa verás, isto é máis fácil do que parece.

O importante é que teñas motivación para aprender xogando e transmitas ao teu alumnado actitudes positivas e moita enerxía.

Adiante e seguimos regueifando!!!

Orientación previa:

Temos que ter en conta que ao traballarmos o repentismo nas aulas o noso obxectivo, de entrada, é desenvolver habilidades de comunicación lingüística, musical e non verbal para improvisar. En ningún caso temos como obxectivo educativo “formar regueifeiras ou regueifeiros profesionais”. Nós traballamos con alumnado e queremos que sexan mellores persoas, para iso o improviso fornece de ferramentas moi valiosas para a súa formación. Así como a docencia da educación física non ten como obxectivo formar deportistas de elite, as dinámicas e obxectivos da docencia do repente no noso sistema escolar queren construír unha aprendizaxe democrática, non competitiva, e baseada en valores e non na procura de artistas da improvisación cantada en verso.

A MELODÍA E O RITMO DA REGUEIFA

É a base na que imos construír o noso imaxinario poético. Tarareando a melodía que escollamos seremos capaces de deixar de pensar pouco a pouco no número de sílabas a empregar. O propio subconsciente cadrará as sílabas coa melodía para contar dun xeito mecánico e musicalizado.

Así pois, podemos tentar realizar unha breve e sinxela clasificación das diferentes melodías que se empregaron e se empregan a día de hoxe na improvisación oral en verso en Galiza:

1.- “Melodías Antigas”: caracterizadas polo seu carácter melismático e arcaico. Con pequenas variacións melódicas na ornamentación, dependendo da persoa que as interpreta e a intensidade do desafío. Os tempos de interpretación tamén varían, pero cabe citar unhas declaracións de Celestrino no ano 1982 nas que explicaba que a regueifa se cantaba “canto máis amodo mellor, porque se vai pensando segundo o que se vai a dicir”.

Imos citar uns cantos vídeos para que observedes a variedade de melodías e artistas:

1.1.- Estilo de zona de Cabana de Bergantiños e Ponteceso. Calviño de Tallo, Celestrino de Leduzo e Fermín da Feira Nova (agora empregadas por Suso de Xornes, Antonio de Xornes e Lupe Blanco).

Aquí podedes ver un [vídeo](#) de Fermín da Feira Nova e Suso de Xornes. E este outro [vídeo](#) de Suso e Antonio de Xornes. Tamén é moi importante salientar a mestría de Lupe Blanco e Alba María neste outro [vídeo](#).

1.2.- As melodías empregadas para o brindo na zona do Courel. Están as recollidas por Xosé Manuel Foxo na colección de discos dos Filandóns do Courel a Antonio Río (Ribeira de Louzarella). Tamén foi gravado por Xesús Mato e están as melodías analizadas no arquivo sonoro do APOI. Mini e Mero tamén teñen cedido ao APOI unha gravación repentizada realizada aos irmáns Pepe e Álvaro de Forgas.

Este é un [vídeo](#) no que Xesús Mato presenta a Xosé Antonio Río (Ribeira de Louzarella).

Aquí podedes ver un [vídeo](#) moi recente brindando con Alba María. Dúas xeracións con moita xera.

Neste outro [vídeo](#) do Filandón do 2011 podemos ver unha actuación de José Veloso de Forgas na que comeza brindando e continúa co conto do casamento.

1.3.- Neste [vídeo](#) do arquivo de Escritoras e Escritores en Lingua Galega podemos escoitar diversas melodías empregadas por Fermín da Feira Nova, Fermín Calvo, Raimundo Cousillas, José Rodríguez e Manuel Fariña. Aquí podemos observar un curioso vídeo no que aparecen varios regueifeiros mantendo a súa melodía propia sen variar na controversia.

1.4.- As melodías empregadas polas regueifeiras e regueifeiros en Borneiro no 2016. [Vídeo](#) recollido polo proxecto Regueifesta no que regueifan Fernando Mato, José María de Borneiro, Manolo Dios, Lupe Blanco, O Fariñeiro de Cesullas e Remixio de Coens.

1.5.- As melodías empregadas neste vídeo do Luar pola veciñanza de Santa Comba no ano 1995.

2.- “**Melodías modernas**”: empregadas pola nova xeración de regueifeiras e regueifeiros como base para os obradoiros. Son temas tradicionais adaptados para realizar coplas octosilábicas rimando as pares e quedando libres as impares. A melodía está moito máis marcada e temperada, con leves modificacións de afinación ou escala. Cabe citar que estas novas melodías interpretadas pola nova xeración de regueifeiras e regueifeiros, ás veces tamén empregan “melodías antigas” coa peculiaridade que buscan unha estandarización das mesmas (perdendo así unha das súas características máis importantes: a espontaneidade melódica e o “torgho vello”).

2.1.- “**Ao pasar pola Coruña**”. Recolleita a Eva Castiñeira de Muxía por Pablo Quintana. Gravada e Editada no 1984 por Edigal na Coruña. Popularizada por Pinto de Herbón no mundo da regueifa e por Luar na Lubre no mundo da música folque. Por primeira vez na regueifa, emprégase unha peza cun retrouso no que canta o público. Este recurso é un xeito de darlle tempo á persoa repentista para pensar na seguinte copla. Ao mesmo tempo, as persoas espectadoras implícanse na controversia e pasan a ser actantes da mesma. En ocasións nas que unha única persoa está a improvisar é unha boa ferramenta para poder darlle tempo a coller o fío do discurso. Ben é certo que hai brindos realizados por Antonio Río nos que non hai ningún descanso e é capaz de fiar moitas estrofas seguidas con grande mestría.

Neste vídeo podemos ver a Pinto e a Caruncho regueifando en Piloño, Vila de Cruces.

2.2.- “**Romance de Cego**” empregado e popularizado por Luís Caruncho nos obradoiros de Oral en Vigo. Segundo palabras do propio Luís “non me lembro cando comecei a empregala, xurdiu para improvisar e pareceume axeitada... Curiosamente cadramos en Formentera cunha muller que improvisaba coa mesma melodía e chamáballe *La canción del Ciego...*”. Neste vídeo está presentando un concerto de Sés con Josinho da Teixeira. Luís Caruncho e mais Pinto de Herbón son unha das parellas regueifeiras máis coñecidas ao longo do país. Son multitude de obradoiros escolares os que levan impartidos e centos de festas amenizadas coa súa destreza improvisadora. Aquí tedes outra melodía que empregan habitualmente.

2.3.- “**A saia da Carolina modificada**”. Empregada moito por Benito Lobariñas. É unha versión da *saia da Carolina*.

Aquí podemos ver un exemplo con Alba María e o propio Benito nas festas da rúa de San Pedro en Compostela.

2.4.- Calquera outra copla que consideredes acaída e que teña base octosilábica pode ser empregada para improvisar e ao mesmo tempo achegarnos aos gustos estéticos do noso alumnado. No camiño de construción pedagóxica dun modelo educativo ao redor do improviso podemos seguir buscando novos camiños melódicos nos que espallar a regueifa. Estas novas composicións serían empregadas para motivar a diversidade melódica na improvisación e buscar un achegamento á complicidade do público. Buscamos pois melodías que teñan catro versos octosilábicos e a maiores

unha volta na mesma estrofa para que poida repetir o público e que o noso alumnado teña tempo a pensar. Ás veces teñen partes instrumentais que podemos realizar ou obviar.

Por exemplo, atopamos pezas tradicionais como (*O Caneco*), pop como (*Notas necrolóxicas*, Luís Emilio Batallán), rock como (*Licor do negro café*, Lamatumbá) ou Hip Hop (*Temporal*, Marisol Manfurada) que poderían ser acaídas.

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES:

1. O teu nome artístico

Ben sabes que elixir un nome expresivo non é cousa doada. E elixir un nome que prenda na memoria da xente, aínda menos.

Por exemplo, sabías que moitos nomes de alter ego dos superheróis e superheroínas da banda deseñada levan o mesmo son ao principio do nome e do apelido? Así temos a Clark Kent, Sue Storm, Peter Parker, Bruce Banner...

Imos comezar polo principio: achar o noso nome artístico como repentista!
Imaxina o teu nome no anuncio dun encontro de regueifa. Como queres que te recoñeza a xente?
Que sexa un nome fácil de lembrar, con sonoridade.

Exemplos de nomes de repentistas da Galiza:

Co lugar de procedencia: Josinho da Teixeira, Suso de Xornes...

Co alcume: Luís o Caruncho, As Garotas da Ribeira....

Alcume e lugar de procedencia: Pinto de Herbón, A Rexoubreira de Bergantiños, O Ribeira de Louzarella...

Con diminutivo: Silvinha.

Nome e apelidos: Sara Marchena, Benito Lobariñas.

Nome: Alba María.

Outras formas: Lara do Lar

Da cultura RAP: García MC, Sokram...

E agora, pensa cal pode ser o teu nome artístico e fai a túa primeira copla.

2. Un xogo para comezar: Unha melodía!

Vamos aprender a melodía de Pinto de Herbón: "Lai, la, la, la ra la la lai la". (No vídeo de Youtube "Regueifesta 2018" temos esta melodía, melodía tradicional recollida a Eva Castiñeira.

Vamos aprender o retrouso: "Ai la la..."

Poñémonos en círculo e cantamos. Para esta primeira sesión estaría ben que ti, profe que estás a ler isto, te botases a regueifar, con rimas improvisadas ou con rimas preparadas. Por exemplo: coller a lista do alumnado e deixar para a palabra rima do cuarto verso o nome ou apelido dunha alumna ou alumno. É importante que xa desde o primeiro momento todo o alumnado cante. Debemos animar á

xente máis tímida a cantar desde o principio. Temos que facer festa.

Por que é esta a melodía máis coñecida na Regueifa?

A melodía que se identifica no mundo da regueifa con Pinto de Herbón foi recollida a Eva Castiñeira por Pablo Quintana. Quintana nos anos 80, gravouna nun CD chamado *Recolleita*. Logo foi gravada baixo o nome *Ao pasar pola Coruña* por Luar na Lubre no disco *Mar Maior* en 2012. Pinto ten utilizado esta melodía nos tempos do Bravú e en concertos con Manu Chao. Esta melodía da música tradicional é todo un símbolo da música galega actual e ten algo especial que engancha e funciona especialmente con crianzas e adolescentes.

Pinto de Herbón aprendeu a improvisar nos tempos do instituto, aprendeu da xente maior, e aprendeu practicamente el só. Así que as primeiras veces que se botou a regueifar en público escolleu unha melodía que implicase ao público, que fixese festa compartida, para facer a *performance* máis interativa. Esta melodía é funcional por varias razóns e, para comezar a aprender a improvisar, esta melodía está moi ben porque, ademais, o tempo do retroceso danos uns segundos para pensar a nosa improvisación. Iso si, se ben esta é unha melodía boa para aprender, porque dá seguridade, o noso obxectivo vai ser ir introducindo outras melodías tradicionais, non tradicionais e mesmo melodías creadas polo propio alumnado porque a diversidade melódica e rítmica enriquece a musicalidade.

2. O improviso no mundo

A improvisación cantada en verso é un fenómeno que existe en moitos pobos do mundo. Na *Regueifesta 2018* tivemos como convidados dous pobos improvisadores: Euskal Herria e Cataluña. Podes ver improvisar o alumnado vasco, -bertsolaris- cantando os seus bertsos *BERTSOLARIS*

O alumnado catalá, a cantar corrandas sobre feminismo, *GLOSADORAS*

Improvisar foi algo xeneralizado por todo o planeta até o século XIX. A nosa especie transmitiu e construíu a cultura oral de forma prioritaria até hai relativamente pouco tempo. Foise perdendo polas mudanzas do sistema de comunicación. Mais na historia do homo sapiens a escritura só leva pouco máis do 5% de existencia. Ou sexa, nós, como especie, estamos preparados para aprender a improvisar, fixémoslo durante centos e centos de anos. Agora sorpréndenos ouvir improvisar porque se perdeu a memoria do cotián. Mais estamos a impulsar agora, entre moita xente, o proceso de recuperar na escola esta habilidade que antes se aprendía na casa, na rúa, entre amigas e amigos. Así que, ademais destas aulas, podemos xogar fóra das aulas. E ver como é máis fácil do que parece...

Aquí vai un esquema con varios lugares no mundo onde se fai repentismo. E como se chaman as diferentes formas de improviso e as persoas que repentizan:

Galiza: repente, improviso, desafío, regueifa, brindo / repentista, regueifeira/o, brindeira/o...

Brasil: pajada, embolada, repentismo /pajador/a, violeira/o, repentista...

Portugal: canto ao desafío e desgarrada no Minho, despique en Madeira

Euskal Herria: bertso /bertsolari

Países Cataláns: corranda, glosa
Curdistán: dengbej
Canarias: punto canario / verseador/a
Cuba: punto cubano, décima / decimeira/o, trobeira/o.

Ademais, tamén é improvisación cantada en verso o estilo libre da cultura rap, que tamén estivo presente na Regueifesta, cunha base de *beat box* **CAIXA DE RITMOS**

3. Un xogo para rimar

Colocámonos en roda, de pé, na aula, ou no patio. E imos procurar palabras coa rima -AR, pasando un balón entre nós. O balón pasa de persoa en persoa con cada palabra que se pronuncia.

Primeiro facémolo con palabras que acaban en -AR de calquera número de sílabas: amar, sospeitar, Gondomar...

Despois podemos facelo con palabras que acaban en -AR monosílabas: lar, bar, mar, tsar... Podemos ir mudando as rimas: palabras que rematan en -ón (canción, corazón...), palabras que rematan en -eira (pandeireteira, pizzeira, eira...) etc.

Importante. Dúas orientacións de calidade:

Na Regueifesta temos especial coidado coa lingua. Queremos que a regueifa sexa un espazo construído desde a calidade lingüística e que o alumnado inclúa dentro das normas deste xogo a corrección, a riqueza e a expresividade. É unha oportunidade: ao regueifar imos facelo sendo conscientes da importancia, -entre as normas do reto de improvisar- da calidade lingüística.

Na Regueifesta temos especial sensibilidade coa igualdade de xénero e o respecto pola diversidade de orientacións sexuais. Así que nós, como profesorado, faremos isto consciente: improvisemos sen insultar, sen faltar ao respecto, sen tópicos machistas ou homófobos.

Así, por exemplo, cando saia o primeiro castelanismo ou o primeiro comentario discriminatorio, debemos lembrar estas orientacións: na regueifa suma o coidado da lingua, a linguaxe non sexista nin discriminatoria e, en definitiva, os valores de xustiza social.

4. Falamos en oitolego

Presentamos o idioma das regueifeiras e regueifeiros: o oitolego, o galego falado con versos de oito sílabas.

Explicación: O verso octosílabo é o máis frecuente na nosa música tradicional. Se nos fixamos, moitos temas populares poden cantarse coa melodía recollida a Eva Castiñeira.

Por exemplo: *A saia da Carolina*, *Catro vellos mariñeiros*, *Licor do negro café* (Lamatumbá), etc. Podemos cantar os primeiros catro versos de *A saia da Carolina* entre todas con esta melodía da regueifa e veremos como encaixa.

Mira o vídeo, *REGUEIFA FEMINISTA*, a regueifeira improvisa catro versos. Estes versos son octosílabos. Non imos contar nunca os versos pero si que nos fixaremos como se axustan á melodía, e que ben encaixan.

Pois ben, ao regueifar falamos en octosílabos. E falar en verso é máis fácil do que parece.

A actividade é a seguinte:

O alumnado senta e pensa por parellas de versos de oito sílabas. É importante que o fagan sen contar cos dedos. Ao cantar coa melodía, a medida dos versos axústase á música facilmente.

Exemplos:

Gústame o Cola-caio

Non teño medo de nada

Son unha muller valente

Eu quero un bocadillo

Dáme un beixo, por favor...

Falan durante cinco minutos en oitolego entre elas e eles. A/O profe vai de parella en parella, ouvindo, participando, animando, corrixindo...

Logo podemos facer unha roda e cada persoa vai dicindo un verso en oitolego, así até completar unha ou dúas voltas.

5. A improvisación oral en verso na Galiza

A regueifa é a forma de improvisación galega máis coñecida. O territorio máis importante da regueifa é Bergantiños. Mais tamén hai outras formas de improvisación na Galiza: en Lugo, no Courel, o brindo. En Ourense, en Vilariño de Conso, as bombas. E, antigamente, o Entroido do Ulla tamén era improvisado, improvisación que se está intentando recuperar actualmente. No vídeo podes ver algunhas *MELODÍAS*

Bergantiños: *REGUEIFA BERGANTIÑÁ*

Courel: *BRINDO*

Entroido do Ulla: *ATRANQUES*

Vilariño de Conso: *BOMBAS*

6. Que é o pé forzado?

O pé forzado é un último verso que se nos dá para que, a partir del, construíamos unha copla enteira

de 4 versos.

NA GALIZA EN GALEGO

7. Desenvolver un tema

A regueifa axúdanos a expresarnos en liberdade e fomenta o espírito crítico. Con ela dámoslle a palabra ao noso alumnado que ten que construír os seus propios discursos. Esta oportunidade podemos aproveitala enmarcándoa dentro do proceso educativo como un instrumento para aprender a escoitarnos entre nós e aprender a expresar ideas.

AO SON DELAS: AS MULLERES NA MÚSICA

8. A controversia

Tradicionalmente, a forma máis habitual da regueifa era o duelo de palabras, a controversia entre dúas ou máis persoas que se enfrontaban cantando, en verso, improvisando. Lémbrense regueifas en Bergantiños que duraban a noite enteira. E era habitual que unha regueifa entre dúas/dous ou catro regueifeiras ou regueifeiros, enriba dun palco, durase catro, cinco ou seis horas.

MOTOCICLETA OU BICICLETA

No vídeo tes un exemplo de controversia, entre contrarios, para facilitar o debate. Dun lado, deféndese a motocicleta e doutro, a bicicleta.

9. Bombas

Na montaña de Ourense, nas aldeas de Mormentelos e Castiñeira, teñen o costume de facer coplas no Entroido para falar do acontecido entre os dous pobos ao longo do ano. Curiosamente son creacións feitas en grupo, a pesar de que sexa unha persoa soa a que lance a bomba. No momento xusto antes de lanzar a copla bérrase “bomba” e todo o mundo fica calado para escoitar os versos. A seguinte bomba dialéctica non tardará moito en caer.

Un exercicio sinxelo para facer co alumnado sería construír catro coplas a modo de “bombas” do Entroido de Mormentelos e Castiñeira nas que apareza a seguinte secuencia (en grupos de dous ou tres).

- .- Presentación (primeira copla)
- .- Permiso para entrar no pobo (segunda copla)
- .- Criticar o seu Entroido e chufar o voso (terceira copla)
- .- Facer as paces e ir merendar (cuarta copla).

Ao comezo do vídeo podedes observar como o alumnado recrea unhas bombas danzando

BOMBAS E BOMBOS

Podes ver unha sesión de *bombas* neste vídeo do programa Alalá número 103 da TVG.

10.- Regueifas Encadeadas / Leixaprén

Un recurso moi empregado tamén na regueifa é comezar a primeira copla coa última copla da anterior. Así pois, obríganos a darlle continuidade á controversia buscando unha saída enxeñosa para poder continuar improvisando. Un exemplo sería o seguinte:

Estamos hoxe na clase

regueifando con paciencia

aprendendo a improvisar

e facelo con conciencia

E facelo con conciencia

pois somos ecoloxistas

a regueifa é inclusiva

con bases ben feministas



"Material didáctico para impartir aulas de Regueifa"
por Manuel Maseda Deán e Xosé Luís González Sende

publicase baixo unha licenza

[Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)